

# RAQUEL ÁLVAREZ MÉNDEZ

(VIGO, 1998)



Fotografía de Noemi Parga

Tras estar uns anos centrada no **mundo audiovisual**, comeza a encamiñar eses coñecementos a unha mirada artística da man de procesos creativos máis manuais e sensoriais, sen esquecer a **imaxe como un dos piares do seu traballo**. Interésalle, por ende, o tempo, o silencio, a pausa, o movemento. A **temática intimista** está dalgún xeito en tódalas súas accións, aínda que se manifesta por diferentes camiños, dende a nostalxia, o recordo, o mundo do xogo, infantil e primitivo, ata a beleza do presente, do cotiá, do amor, do amor que o invade todo.

É unha artista transversal aínda que o vídeo e a instalación son as disciplinas das que se sente máis preto.

## EXPERIENCIA PROFESIONAL

- Gravación e montaxe en *Cambio de rasante* (Vigo, 2018)
- Membra do colectivo artístico *Grupo Subterráneo* (Galicia 2020 — actualidade)
- Coordinadora do espazo artístico *Fuck This Studio* (Vigo, 2020 — 2021)
- Dirección de arte e vestuario en *Cando toco un animal*, de Ángel Filgueira (Pontevedra, 2021)
- Membra da organización de *Percal Lab*. Xornadas de obradoiros (Vigo, 2021)
- Xurado Novo. Festival *Novos Cinemas* (Vigo, 2021)

## EXPOSICIÓNS E FESTIVAIS

- Novos Cinemas* (Pontevedra, 2019 e 2020)
- Íntima Fest*, (Online, 2020)
- CURTOCIRCUÍTO* (Santiago de Compostela, 2020)
- S8 Mostra de Cinema periférico* (A Coruña, 2021)
- Boder Magazine x Fuck This Studio* (Vigo, 2021)
- Premios Auditorio de Galicia para Novos Artistas* (Santiago de Compostela, 2021)



# MARINA ARADAS CEDEIRA

(A CORUÑA, 2000)



A miña obra actual artículase principalmente ao redor de dúas liñas diferentes tanto temática como procesualmente.

Por unha banda, o **estudo do ornamento no contexto do espazo urbano-rural**, entendendo este como un elemento máis da súa paisaxe a nivel tanto estético como simbólico, así como representativo para aqueles que o transitan.

Trato de entender estas formas ligadas ao mundo da artesanía e o funcional e atopar o seu lado poético-simbólico, representándoas mediante a repetición e a superposición obsesiva de maneira plástico-escultórica, levándoas así ao terreo das belas artes e desdibuxando esa fronteira entre o artístico e o artesanal.

Por outra banda, no ámbito do audiovisual, cámara en man trato de **crear un contido de carácter máis persoal e autobiográfico**, no que ven representadas tanto as persoas como os lugares que conforman a miña vida e producen calquera tipo de emoción en min.

En constante experimentación e distintas formas de representación, o espazo, os seus habitantes e o vínculo que se crea entre eles son o tema principal do meu traballo e o nexo común en todo o seu percorrido.

## FORMACIÓN

Grao en Belas Artes pola *Universidade de Vigo* 2018-Actualidad

Beca de Formación en Técnicas de impresión 3D e cortadora láser pola *Uvigo* 2020-2021

## EXPERIENCIA PROFESIONAL

Asistencia de montaxe e pintura na *Sala Alterarte* (Ourense) para a exposición *Formas y tránsitos*, pola artista Isabel Flores, 2021.

## EXPOSICIÓNS

2018 - *La Cruzada de los niños. Refugiados de ayer a hoy*. FUNDACIÓN MARÍA JOSÉ JOVE. A CORUÑA. Exposición colectiva.

2019 - *Idus Martii*. CASA DO MATADOIRO. SANTIAGO DE COMPOSTELA. Exposición colectiva.


2020 - *Mulleres RurUrbanas. Inside Out project*. FACULTAD DE BELLAS ARTES/CASA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. PONTEVEDRA.

2021 - *Arte em trânsito*. SALA TERROIR, MUSEU ALVARINHO; MONÇAO, PORTUGAL. Exposición colectiva.



# TAMARA GOBERNA

(VIGO, 2000)



Ao comezar a carreira de Belas artes, Tamara Goberna comeza a amosar especial interese pola experimentación dentro dos diferentes ámbitos artísticos e últimamente atópase inmersa sobre todo no mundo da performance, da fotografía e do audiovisual (no que destaca coa súa participación en obradoiros do festival *Novos cinemas* e unha mostra no S8). Actualmente cursa o derradeiro ano de Belas artes na facultade de Pontevedra.

O seu traballo céntrase na **indagación da identidade por medio do corpo e da maquillaxe**, caracterizando personaxes que lle permiten expresar diferentes emocións e sentimentos, así como amosar e reivindicar a **diversidade identitaria en relación co queer a través da excesiva experimentación**.

## EXPERIENCIA PROFESIONAL

Becaria de formación de Audiovisuais na facultade de Belas Artes da *Universidade de Vigo* (2021-2022).

## EXPOSICIÓNS E PREMIOS

Exposición colectiva *Avelaiña Fest* comisariada por Sandra Gutiérrez en *O Galpón Lab* en Pontevedra (2022).

Exposición colectiva *En-saio-Erro* do proxecto *Percal Lab* sobre imaxe real con técnicas de cianotipia e fotografía analóxica no espazo *Fuck this studio* en Vigo (2021).

Mostra no festival S8 *¿Quién soy? Auto-etnografías filmicas de artista* en A Coruña (2021).

Exposición colectiva *Vaginal* comisariada por Luisa María Galbán López en *Solaina Galería* en Lugo (2020).

Instalación artística *Inside Out Project Mulleres RurUrbanas* coa Corporativa 7h en Pontevedra (2020).

Exposición urbana *Nomes propios* organizada por Cora Novoa en Pontevedra (2020).

Exposición colectiva *Sen Moldes III. Comentarios fotográficos sobre os xéneros* organizada pola facultade de Belas artes da *Universidade de Vigo* na Biblioteca Central en Vigo, na Biblioteca Rosalía de Castro en Ourense e na Facultade de Belas Artes en Pontevedra (2019/2021).



# ANDREA MOSQUERA GUERRERO

(OURENSE, 1994)



Andrea Mosquera expón desde a mirada do artista a posibilidade de **habitar/deshabitar tanto o propio corpo como o espazo que este ocupa**. Interésase polas relacións que se producen neses espazos e o baleiro que queda cando o corpo abandónao, dalgunha maneira neles permanecen partes invisibles debido ao seu paso e acción.

Este corpo á súa vez transfórmase e cuestiona a súa propia orixe de tal modo que trata de reconectar coa súa parte máis orgánica, é alí onde explora e establece novas maneiras de habitar.

A través da combinación de diferentes disciplinas como a **fotografía, a escultura ou a instalación** dun modo intuitivo, a artista reflexiona nas súas obras acerca de diversas cuestións, o concepto de habitar/deshabitar, a acción do ser humano sobre o medio, as relacións persoais e impersonales ou o paso do tempo.

## EXPOSICIÓNS

- Nomes Propios* 2020 (Uvigo)
- Tantas Imaxes* 2020 Cubo Vigo
- Algarabía* Lalín 2020
- Que tes no teu casilleiro?* 2021 (Uvigo)
- Tantas Imaxes" Apo 'strophe.arte"*
- Colectiva *Algarabía* 2021
- Museo Municipal Ramón María Aller -Lalín 2021

## PUBLICACIÓNS E CATÁLOGOS

- Nomes Propios* 2020
- Tantas Imaxes #5* 2020
- Colectiva *Algarabía* 2021
- 2021. *Una muestra de obras en pequeño formato* en Belas Artes. (La voz de Galicia)
- 2021. *A diversidade creativa do alumnado* de Belas Artes, en pequeno formato. (DUVI)
- 2021. *"Tantas imaxes" reúne a 25 artistas en dos escenarios.* (Atlántico)
- 2021. *Arte en el Museo de lalín para celebrar la Algarabía* (La voz de Galicia)
- 2021. *Andrea Mosquera "A instalación é o que máis me interesa pola súa versatilidade"* (La voz de Galicia)



# LUCÍA PERDIZ

(MUIÑOS, OURENSE, 1988)



Traballo dende a **instalación, a escultura e o vídeo abordando conceptos como o traslado, o conflito e a alteridade**. As miñas pezas pertencen a espazos de tránsito, onde se criollizan os opostos, mestúranse e contamínanse; alterándose mutuamente por medio de intercambios e colisións. Interésame explorar a relación entre materiais dispares e a través da súa unión, diluír a fronteira que os separa creando unha nova realidade rica e complexa.

## FORMACIÓN

2008/2010 – C.S. Caracterización e efectos Especiais

2013/2015 - C.S. Artes plásticas aplicadas a escultura- EASD Mestre Mateo- Santiago de Compostela

2018/2022 - Grado en Belas Artes - *Universidade de Vigo*

## EXPOSICIÓNS E PREMIOS

2017 *Out of the Blue Abbeymount Studios* - Edimburgo

2016 *CENTO25 sinérxias creativas*, Casa do Cabido - Santiago de Compostela

2015 *Itinere* Parque de Belvís - Santiago de Compostela

2015 *Certame de artes plásticas* da Deputación de Ourense (seleccionada)

2014 *Certame de escultura Francisco Asorey* - Cambados (seleccionada)